



RESOLUCIÓN DE 21 DE SETEMBRO DE 2018 DO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

ANTECEDENTES:

1. A Orde de 22.12.2017 aprobou o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2018 (DOG núm. 246, de 29.12.2017), e de conformidade co expediente de aprobación dos plans de explotación de moluscos bivalvos da confraría de pescadores de Noia, en autorización e libre marisqueo, contempleuse:

“Ampliación: Solicitan cubrir as vacantes a pé de Noia ata acadar os 395 permisos que eran os do ano anterior. Propoñen iniciar o proceso no mes de xaneiro. Respecto ás vacantes que se produzan en Muros deberán cubrirse ata acadar as 71 prazas como se viñan mantendo en anos anteriores”.

De acordo co proceso de renovación de permisos de explotación a pé para o ano 2018 nesta confraría, o número de persoas mariscadoras a pé autorizadas foi de 343, polo que eran cincuenta e dúas (52) as prazas por cubrir ata acadar os 395 permisos establecidos.

2. O 25.01.2018 esta xefatura territorial remitiu proposta á confraría de pescadores de Noia para proceder á cobertura das cincuenta e dúas (52) prazas vacantes comentadas así como o pronunciamento da entidade sobre a reserva de ata un máximo do 10% do total de prazas para unha quenda especial (5 prazas) co fin de promover a incorporación de persoas en risco de exclusión social. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días para que presentasen as observacións que considerasen oportunas, indicándolles que de non existir resposta no prazo sinalado entenderíase que non existía interese pola súa parte de reservar o 10% do total de prazas para unha quenda especial, sen prexuízo da resolución que finalmente se adoptase dende esta xefatura territorial.

3. O 29.01.2018 a confraría remitiu a esta xefatura territorial informe asinado polo secretario dos órganos de goberno, que indicaba o acordo tomado por unanimidade pola agrupación de profesionais do marisqueo a pé da confraría de non reservar o 10% de prazas para persoas en risco de exclusión social, así como o de solicitar a convocatoria do concurso na primeira semana de marzo (petición que foi realizada novamente a esta xefatura territorial o 14.03.2018).

4. Por resolución do 15.03.2018 da xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña, convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Noia. Neste proceso convocaronse as cincuenta e dúas (52) prazas indicadas.

5. O 30.05.2018, o Patrón Maior da confraría de pescadores de Noia presentou escrito no Portelo Único do Rexistro do Concello de Noia en relación coa resolución do 15.03.2018 desta xefatura territorial pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de Noia, indicando que se tiña producido un cambio de criterio para a valoración do empadramento recollido no apartado c.3 da devandita resolución.

6. O 08.06.2018, remitiuse o escrito presentado pola confraría de Noia, a copia do expediente en cuestión e informe da Sección de Marisqueo desta xefatura territorial ao Servizo Técnico Xurídico da consellería para a súa valoración.

7. Por resolución de 20.08.2018 do xefe territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicouse o listado provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso





selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Noia, e as persoas excluídas do proceso. Nesta resolución estableceuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas.

8. Transcorrido o prazo anterior as seguintes persoas aspirantes presentaron alegacións nos diferentes rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ás puntuacións provisionais outorgadas pola resolución de 20.08.2018 en base ao baremo do anexo I da Resolución de 12.11.2013:

- Castelo Figueira, Aurora, 71345254J o 29.08.2018 alegou á puntuación de 9,55 puntos outorgada, solicitando a revisión da puntuación do apartado 1. "Por ser demandante de emprego".

- Fernández Lorenzo, Rosa Mary 33236383A o 23.08.2018 alegou á puntuación de 6,80 puntos outorgada, solicitando a valoración da experiencia profesional como mariscadora a pé.

- García Blanco, José Manuel 76510615B o 03.09.2018 alegou á puntuación de 8,25 puntos outorgada, solicitando a revisión dos apartados: 1. "Por ser demandante de emprego" e 2. "Formación", concretamente o apartado 2 b) Titulación académica.

- González González, Concepción 76513633Q o 03.09.2018 alegou á puntuación de 0,00 puntos outorgada, solicitando a revisión dos apartados 2. "Formación": 2 a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas) e 2 b) Titulación académica, así como do apartado 3. "Padrón".

- Horta Insua, María Belén 76970437V o 03.09.2018 alegou á puntuación de 7,50 puntos outorgada, solicitando a revisión do apartado: 2. "Formación", concretamente o apartado 2 a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas), indicando que non se lle computa a actividade formativa "Aplicacións informáticas de xestión" polo que indica lle corresponderían 1,60 puntos. Solicita a revisión do apartado correspondente e da puntuación final a 9,10 puntos.

- León Viñas, María de los Ángeles 76966238G o 28.08.2018 alegou á puntuación de 0,30 puntos outorgada, solicitando a revisión dos apartados 1. "Por ser demandante de emprego" e 3. "Padrón".

- Lestón Rodríguez, Elisa Abel, 44843299S o 05.09.2018 alegou á puntuación de 8,75 puntos outorgada, solicitando a revisión da puntuación do apartado 1. "Por ser demandante de emprego".

- López Viñas, Juan Ramón 79330569G o 29.08.2018 alegou á puntuación de 9,40 puntos outorgada, solicitando a revisión do apartado: 2. "Formación", concretamente o apartado 2 a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas), indicando que non se lle computa a actividade formativa "Formación cooperativa para persoas que queren emprender" polo que indica lle corresponderían 0,40 puntos. Solicita a revisión do apartado correspondente.

- Martín Güeto, Eva María, 53480707A o 05.09.2018 alegou á puntuación de 9,50 puntos outorgada, solicitando a revisión da puntuación do apartado 1. "Por ser demandante de emprego".

- Oprea, Cristina María, X8982766R o 27.08.2018 alegou á puntuación de 9,55 puntos outorgada, solicitando a revisión da puntuación do apartado 1. "Por ser demandante de emprego" ao estimar que lle corresponde a puntuación máxima por esta apartado (3 puntos).

- Pombo Romero, Silvia, 46095196E o 06.09.2018 alegou á puntuación de 8,75 puntos outorgada, solicitando a revisión da puntuación do apartado 1. "Por ser demandante de emprego".

- Rego Martínez, Sergio, 76969825A o 29.08.2018 alegou á puntuación de 8,75 puntos outorgada,





solicitando a revisión da puntuación do apartado 1. "Por ser demandante de emprego" ao considerar que non se lle computan axeitadamente os períodos reflectidos no informe de períodos de inscrición emitido pola oficina de emprego de Noia, polos que debería corresponderlle 1,98 puntos e non os 1,75 puntos outorgados.

- Rodríguez Otero, Daniel, 33239135H o 10.09.2018 alegou á puntuación de 9,00 puntos outorgada, solicitando a revisión da puntuación do apartado 1. "Por ser demandante de emprego" ao considerar que lle corresponden 2,25 puntos por este apartado e non os 2,00 puntos outorgados.

- Sendón Rodríguez, Agata 53488138M o 27.08.2018 alegou á puntuación de 9,45 puntos outorgada, solicitando a revisión do apartado: 2. "Formación", concretamente o apartado 2 a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas), indicando que non se lle computan axeitadamente as actividades formativas acreditadas polas que indica lle corresponderían a puntuación máxima de 3,00 puntos e non os 2,40 puntos outorgados. Solicita a revisión do apartado correspondente.

- Tonetti Ferrer, Verónica, 44844054B o 03.09.2018 alegou que no listado provisional de puntuacións o seu nome figura de forma errónea e solicita a súa corrección.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.

3. O escrito presentado o 30.05.2018 pola confraría de pescadores de Noia, en relación coa resolución do 15.03.2018 desta xefatura territorial pola que se convocou o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de Noia, indicando un cambio de criterio para a valoración do empadramento recollido no apartado c.3 da devandita resolución, foi interpretado por esta xefatura territorial como un recurso de alzada á devandita resolución, polo que foi trasladado á unidade competente para a súa valoración.

Cómpre indicar que dito escrito presentouse fóra do prazo establecido, xa que tal e como establece a resolución da convocatoria de 15.03.2018: "... *Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*"

Ademais, tal e como prevé o artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, ao ter transcorrido o prazo máximo sen ter recaído resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo.

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido na Resolución do 12.11.2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé.

5. Unha vez revisadas as alegacións e a documentación aportada:





- A **Castelo Figueira, Aurora**, non se lle estima a súa alegación xa que non existe erro na puntuación provisional outorgada ao acreditar, de acordo co "Informe de períodos de inscrición" do Servizo Público de Emprego, once (11) meses como desempregada no ano anterior á convocatoria, correspondéndolle polo tanto 2,75 puntos (0,25 puntos x 11 meses). Deste xeito, a aspirante mantén a puntuación outorgada de 9,55 puntos.

- A **Fernández Lorenzo, Rosa Mary**, non se lle estima a súa alegación xa que a experiencia profesional como mariscador/a a pé non é un concepto baremable de acordo co establecido na Resolución do 12.11.2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé. Deste xeito, a solicitante mantén a puntuación outorgada de 6,80 puntos.

- A **García Blanco, José Manuel**, se lle estiman parcialmente as súas alegacións, xa que:

- No referente ao apartado de paro, a confrontación do "Informe de períodos de inscrición" como demandante de emprego do Servizo Público de Emprego de 19.03.2018 co "Informe de vida laboral. Situacións" da Tesourería Xeral da Seguridade Social da mesma data, reflicte que no ano anterior á convocatoria lle corresponden sete (7) meses en situación de desemprego debidamente acreditada. Esta cifra resulta de computar os períodos de inscrición reflectidos no informe de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego, unha vez eliminados os períodos nos que, de acordo co informe de vida laboral, o solicitante se atopaba de alta laboral, correspondéndolle polo tanto 1,75 puntos (0,25 puntos x 7 meses), polo que mantén a puntuación provisional outorgada por este apartado.

- No referente ao apartado 2.b de formación "titulación académica", no listado provisional de puntuacións outorgáronselle 0,00 puntos. Non obstante, de acordo coa documentación presentada no prazo establecido, así como coa certificación do IES (Instituto de Educación Secundaria) onde cursou os estudos que acompaña ás alegacións presentadas, unha vez revisada a normativa vixente de aplicación, queda acreditada a equivalencia coa Educación Secundaria Obligatoria (ESO), correspondéndolle 0,30 puntos por esta apartado.

Deste xeito, procede modificar a puntuación outorgada no apartado 2.b) do baremo (titulación académica) de 0,00 puntos a 0,30 puntos e por tanto a modificación da puntuación total de 8,25 puntos a 8,55 puntos.

- A **González González, Concepción**, non se lle estiman as alegacións presentadas xa que:

- No referente ao apartado 2.a de formación "actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas)", na base 1.3.c.2) do anexo A da Resolución de 15.03.2018, pola que se convoca o proceso selectivo, establece:

c.2) Formación:

- *Diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas inscritas no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo do marisqueo a pé (anexo C e tamén dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>) na data da convocatoria. **Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.***

Os cursos que a solicitante alega non baremados: "Emprendemento: Creación dunha empresa"; "Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial"; "Formación cooperativas para persoas que queren emprender" e "Elabora o teu plan de empresa cooperativo", dos que presenta fotocopias compulsadas que non foron presentadas no correspondente prazo de presentación da solicitude, finalizaron todos eles en data posterior á publicación da convocatoria (16.03.2018).

- No referente ao apartado 2.b de formación "titulación académica", no listado provisional de puntuacións outorgáronselle 0,00 puntos. No prazo establecido a solicitante non aportou documentación acreditativa algunha referente a este subapartado do baremo. Coas alegacións presentadas aporta fotocopias compulsadas de documentación acreditativa de equivalencia coa





titulación de ESO, que non se acepta xa que é nova documentación presentada fóra do prazo establecido no apartado 1.3. “Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación” da resolución do 15.03.2018 pola que se convocou o proceso selectivo. Neste apartado establece:

“...
O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria...

...
Xunto coa solicitude presentarase:

...
c) Copia compulsada da documentación que acredita cada un dos aspectos que se van a valorar segundo o baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro”

Por tanto, a solicitante mantén a puntuación provisional outorgada por este apartado.

- No referente ao padrón, no apartado 3. do anexo I da Resolución de 12.11.2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé, establece:

*“3. Por estar empadroad/a nun concello do ámbito das confrarías ou entidades titulares do plan de explotación en que está prevista a incorporación, **durante un período mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: 4 puntos.**”*

O documento aportado indica que non cumpre coa antigüidade esixida para a baremación deste apartado.

Por tanto, a solicitante mantén a puntuación outorgada de 0,00 puntos.

- A **Horta Insua, María Belén** non se lle estiman as súas alegacións e por tanto non modifican a puntuación provisional outorgada, xa que no apartado 2. a). 1º do anexo I da Resolución de 12.11.2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé, establece:

“2. Por formación.

...
*a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).
1º Valoraranse as **actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas, de conformidade co establecido no anexo II.**”*

A actividade formativa que a solicitante alega se teña en conta non figura inscrita como tal no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo de marisqueo a pé anexo á resolución de 15.03.2018 pola que se convocou o proceso selectivo, polo que dito curso non pode valorarse. Deste xeito, a solicitante mantén a puntuación outorgada de 7,50 puntos.

- A **León Viñas, María de los Angeles**, se lle estiman as alegacións presentadas, xa que unha vez revisada a documentación presentada observáse que se produxo un erro de transcripción ao baremar os apartados de paro e empadramento.

- No referente ao apartado de paro, a puntuación provisional outorgada foi de 0,00 puntos. A confrontación do “Informe de períodos de inscrición” como demandante de emprego do Servizo Público de Emprego de 22.03.2018 coa consulta dos datos de vida laboral que constan en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social “Informe de vida laboral. Situacións” da Tesourería Xeral da Seguridade Social, baixo a autorización expresa da solicitante, reflicte que no ano anterior á convocatoria ten doce (12) meses como desempregada, correspondéndolle polo tanto 3,00 puntos (0,25 puntos x 12 meses) por este apartado do baremo, polo que procede modificar a puntuación provisional outorgada por este apartado de 0,00 puntos a 3,00 puntos.





- No referente ao apartado de empadramento, a puntuación provisional outorgada foi de 0,00 puntos. A consulta dos datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizada o 03/08/2018, baixo a autorización expresa da solicitante, reflicte que se atopaba empadroadada nun concello do ámbito territorial da confraría de pescadores de Noia durante un período superior ao ano (1) anterior á convocatoria, polo que procede modificar a puntuación outorgada por este apartado de 0,00 puntos a 4,00 puntos.

Deste xeito, procede modificar a puntuación outorgada nos apartados 1. (paro) de 0,00 puntos a 3,00 puntos e 3. (padrón) de 0,00 puntos a 4,00 puntos e por tanto a modificación da puntuación total de 0,30 puntos a 7,30 puntos.

- A **Lestón Rodríguez, Elisa Abel**, non se lle estima a alegación presentada xa que a confrontación do “Informe de períodos de inscrición” como demandante de emprego do Servizo Público de Emprego de 19.03.2018 co “Informe de vida laboral. Situacións” da Tesourería Xeral da Seguridade Social da mesma data que acompaña ás súas alegacións, coincidente cos xa presentados no prazo correspondente, reflicte que no ano anterior á convocatoria lle corresponden sete (7) meses en situación de desemprego debidamente acreditada. Esta cifra resulta de computar os períodos de inscrición do informe de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego, unha vez eliminados os períodos nos que, de acordo co informe de vida laboral, a solicitante se atopaba de alta laboral. Por tanto, a puntuación outorgada é o resultado de dividir 237 (total de días inscrita como demandante de emprego sin atoparse en situación de alta laboral) entre 30, cuxo resultado é de 7 meses que multiplicados por 0,25 puntos/mes dan lugar á puntuación de 1,75 puntos. Deste xeito, a solicitante mantén a puntuación de 8,75 puntos.

- A **López Viñas, Juan Ramón**, non se lle estima a alegación presentada xa que no apartado 2.a de formación “actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas)”, no listado provisional de puntuacións outorgáronselle 2,40 puntos, resultado do cómputo da acreditación das actividades formativas presentadas no prazo establecido pola convocatoria:

Nº	CODIGO	DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE	Nº HORAS	PUNTOS
77	MP-CDP-04	Cómo elaborar un plan de empresa cooperativa	75	1,50
11	MP-CMRM-11	Habilidades Sociais e Comunicación	30	0,60

Neste prazo, o solicitante non aportou documentación acreditativa referente á actividade formativa: Obradoiro “Formación cooperativa para persoas que queren emprender” de 20 horas de duración que tivo lugar do 01 ao 04 de agosto de 2017, organizado pola Unión de Cooperativas Espazocoo. á que lle corresponden 0,40 puntos. Coas alegacións presentadas aporta fotocopia compulsada do diploma de dita actividade que, ao non existir ningunha constancia da súa presentación no prazo establecido, non pode aceptarse ao considerarse como nova documentación, presentada fóra do prazo indicado no apartado 1.3. “Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación” da resolución do 15.03.2018 pola que se convoca o proceso selectivo. Neste apartado establecece:

“...

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria...

...

Xunto coa solicitude presentarase:

...

c) Copia compulsada da documentación que acredita cada un dos aspectos que se van a valorar segundo o baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro”

Por tanto, o solicitante mantén a puntuación provisional de 2,40 puntos outorgada por este apartado e a puntuación total de 9,40 puntos.





- A **Martín Güeto, Eva María**, non se lle estima a alegación presentada xa que non existe erro na puntuación provisional outorgada ao acreditar, de acordo co “Informe de períodos de inscrición” do Servizo Público de Emprego, dez (10) meses como desempregada no ano anterior á convocatoria, correspondéndolle polo tanto 2,50 puntos (0,25 puntos x 10 meses). Deste xeito, a aspirante mantén a puntuación outorgada de 9,50 puntos.

- A **Oprea, Cristina María**, se lle estima a alegación presentada xa que a puntuación provisional outorgada no apartado de paro, de acordo coa confrontación do “Informe de períodos de inscrición” do Servizo Público de Emprego (que reflectía a súa situación ata o 01.03.2018) e o “Informe de vida laboral. Situacións” da Tesourería Xeral da Seguridade Social, reflectía once (11) meses como desempregada no ano anterior á convocatoria, correspondéndolle polo tanto 2,75 puntos (0,25 puntos x 11 meses). Coas alegacións presentadas, a solicitante presenta un novo “Informe de períodos de inscrición” do Servizo Público de Emprego que complementa a documentación aportada anteriormente, o cal reflicte doce (12) meses como desempregada no ano anterior á convocatoria, correspondéndolle por tanto 3,00 puntos (0,25 puntos x 12 meses). Deste xeito, procede modificar a puntuación outorgada por este apartado de 2,75 puntos a 3,00 puntos e consecuentemente a puntuación total de 9,55 puntos a 9,80 puntos.

- A **Pombo Romero, Silvia**, tras revisar a documentación presentada, non se lle estiman as alegacións xa que nas súas circunstancias tiña a posibilidade de pasar o seu estado como demandante de emprego á situación administrativa de suspensión, que é a situación temporal na que atopa a demanda de emprego por algunha causa excepcional (formación, enfermidade, ...). Durante o tempo que se mantén esta situación non é necesaria a renovación da demanda, pero tendo en conta que o tempo como demandante de emprego na situación indicada, sí é baremable. Por tanto, a solicitante mantén a puntuación outorgada de 1,75 puntos neste apartado e a puntuación total de 8,75 puntos.

- A **Rego Martínez, Sergio**, non se lle estiman as alegacións presentadas, xa que a confrontación do “Informe de períodos de inscrición” como demandante de emprego do Servizo Público de Emprego de 21.03.2018 coa consulta dos datos de vida laboral que constan en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social “Informe de vida laboral. Situacións” da Tesourería Xeral da Seguridade Social, baixo a autorización expresa da solicitante, reflicte que no ano anterior á convocatoria ten sete (7) meses en situación de desemprego debidamente acreditada. A puntuación outorgada é o resultado de dividir 223 (total de días inscrito como demandante de emprego sin atoparse en situación de alta laboral) entre 30, cuxo resultado é de 7 meses enteiros que multiplicados por 0,25 puntos/mes dan lugar á puntuación de 1,75 puntos. Deste xeito, o solicitante mantén a puntuación outorgada de 8,75 puntos.

- A **Rodríguez Otero, Daniel**, se lle estima a alegación presentada xa que a puntuación provisional outorgada no apartado de paro, de acordo coa confrontación do “Informe de períodos de inscrición” do Servizo Público de Emprego de 22.03.2018 (que reflectía a súa situación dende o 22.03.2017) e a consulta ao “Informe de vida laboral. Situacións” da Tesourería Xeral da Seguridade Social, baixo a autorización expresa da solicitante, indicaba oito (8) meses como desempregado no ano anterior á convocatoria, correspondéndolle polo tanto 2,00 puntos (0,25 puntos x 8 meses). Coas alegacións presentadas, o solicitante presenta un novo “Informe de períodos de inscrición” do Servizo Público de Emprego que complementa a documentación aportada anteriormente, o cal reflicte que se atopaba en situación de demandante dende o 15.03.2017, correspondéndolle nove (9) meses como desempregado no ano anterior á convocatoria, e por tanto 2,25 puntos (0,25 puntos x 9 meses). Deste xeito, procede modificar a puntuación outorgada por este apartado de 2,00 puntos a 2,25 puntos e consecuentemente a puntuación total de 9,00 puntos a 9,25 puntos.

- A **Sendón Rodríguez, Agata**, non se lle estima a alegación presentada xa que no apartado 2.a de formación “actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas)”, no listado provisional de puntuacións outorgáronse 2,40 puntos, resultado do cómputo da acreditación das actividades formativas presentadas no prazo establecido pola convocatoria:





Nº	CODIGO	DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE	Nº HORAS	PUNTOS
111	MP-CTB-43	Obradoiro de formación elabora o teu plan de empresa cooperativo	20	0,40
110	MP-CTB-42	Obradoiro por que non traballamos en equipo?	20	0,40
109	MP-CTB-41	Obradoiro de formación cooperativa para persoas que queren emprender	20	0,40
108	MP-CTB-40	Regulamento réxime interno nas cooperativas	30	0,60
105	MP-CTB-37	Asembleas e reunións	30	0,60

Nas súas alegacións, discrepa coa puntuación outorgada á actividade formativa “Cómo elaborar un plan de empresa cooperativo”, á que lle corresponden 1,50 puntos. Non obstante, a copia compulsada do diploma indica que se trata do Obradoiro de formación “Elabora o teu plan de empresa cooperativo” de 20 horas de duración organizado pola Unión de Cooperativas Espazocoop. e non de calquera das actividades de 75 horas ás que lle corresponden 1,50 puntos que figuran no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo de marisqueo a pé anexado á resolución de 15.03.2018 pola que se convocou o proceso selectivo. Deste xeito, a solicitante mantén a puntuación outorgada de 2,40 puntos por este apartado e a puntuación total de 9,45 puntos.

- A **Tonetti Ferrer, Verónica**, que no listado provisional de puntuacións figuraba como Tonetti Ferrer, Mónica, pasa agora a emendarse dito erro relacionándose de forma correcta o seu nome.

- Por último, tras revisar a documentación presentada por **León Viñas, María Vanessa**, 79329549L, obsérvase que se produxo un erro de transcripción no apartado de paro, polo que procede realizar, de oficio, a modificación da puntuación provisional de 3,00 puntos outorgada neste apartado. A consulta dos datos de vida laboral que constan en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social “Informe de vida laboral. Situacións” da Tesourería Xeral da Seguridade Social, baixo a autorización expresa da solicitante, reflicte que na data da convocatoria atopábase de alta laboral e por tanto non se atopaba en situación de demandante de emprego. Deste xeito, procede modificar a puntuación outorgada no apartado 1. (paro) de 3,00 puntos a 0,00 puntos e por tanto a modificación da puntuación total de 7,50 puntos a 4,50 puntos.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na base 3.1 do anexo A da resolución de 15.03.2018 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Noia, así como na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG núm. 84, do 01.05.2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG núm. 239, do 16.12.2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1º. Facer público o listado definitivo das persoas que superaron o proceso selectivo e as que non o superaron, así como as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Noia.

2º. As persoas aspirantes admitidas que non superaron o proceso selectivo constituirán unha lista de reserva que terá unha vixencia de 1 ano a contar dende o día seguinte ao da data da presente resolución.

3º. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria:





a) Certificado de estar empadroadada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

d) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva polo desestimento das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

4º. Para obter o permiso de explotación de marisqueo a pé, as persoas seleccionadas deberán estar en posesión do certificado de mariscador e non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños pendentes de pagamento.

5º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira, así como no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Noia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 21 de setembro de 2018
O xefe territorial
P.D. de sinatura: Resolución de 11/10/2017
A xefa do servizo de Recursos Mariños
María José Cancelo Baquero





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
BARREIRO	CAAMAÑO	MARIA VANESA	79330943X	10,00	3	3,4	0,3	4
BARROS	NIETO	BEATRIZ	44845754D	10,00	3	4,70	0,00	4
CAAMAÑO	ARSENIC	LOREDANA	45860537D	10,00	3	2,90	0,30	4
CALVO	RODRIGUEZ	MARIA TERESA	53480070X	10,00	3	3,30	0,30	4
CANDAMO	SENDON	JOSE DAVID	78786511B	10,00	3	3,10	0,30	4
CAROU	VIÑAS	JOSE LUIS	53486598Y	10,00	3	2,80	0,50	4
CONDE	MARTINEZ	MARIA DEL CARMEN	78781879W	10,00	3	3,58	0,30	4
FERNANDEZ	HERMO	JUAN ANTONIO	52456420K	10,00	3	3,30	0,30	4
FERRADAS	REDONDO	SANDRA	76779804P	10,00	3	3,00	0,30	4
GONZALEZ	VILLAR	ALBERTO	45847937J	10,00	3	3,10	0,50	4
INSUA	CAROLLO	EVA MARIA	52936097X	10,00	3	2,80	0,70	4
INSUA	GUETO	MARIA JOSE	32806716E	10,00	3	3,50	0,00	4
LAGO	CAAMAÑO	MARIA DOLORES	33291546N	10,00	3	3,00	0,50	4
LAGO	ESTEVEZ	LETICIA	78800093T	10,00	3	3,00	0,70	4
LAGO	FRANCO	JUAN RAMON	78793605K	10,00	3	3,00	0,30	4
LEIS	RAMA	MARIA OLIVA	78788573A	10,00	3	3,70	0,30	4
MARIÑO	ROMANI	MANUEL ENRIQUE	33290155R	10,00	3	3,70	0,00	4
MARTINEZ	LOPEZ	LORENA	53483387S	10,00	3	3,40	0,50	4
MARTINEZ	NUÑEZ	MARIA (*)	78791596J	10,00	3	4,06	0,30	4
NIMO	LESTON	ANA	78795628C	10,00	3	3,30	0,30	4
NINE	SENDON	YANIRA	78800764G	10,00	3	2,90	0,30	4
PENA	RONQUETE	MANUEL	76779247A	10,00	3	3,20	0,30	4
PEREZ	PINTOS	DAVID	76829243C	10,00	3	3,60	0,50	4
QUEIRO	MARIÑO	ANA BELEN	76965271A	10,00	3	2,50	0,50	4
RIAL	MOLEDO	ANTONIO	33278220A	10,00	3	3,66	0,00	4
RIAL	RIOMAO	MARIA DOLORES	78807659E	10,00	3	3,60	0,30	4
RODRIGUEZ	BAENA	DAMARIS	53485003K	10,00	3	2,80	0,30	4
RODRIGUEZ	BAENA	DANIEL	46293151Q	10,00	3	2,80	0,30	4
ROMARIS	TOME	MANUEL	33218600E	10,00	3	3,90	0,00	4
SEIJAS	PEDROSA	JESICA	79328454M	10,00	3	3,90	0,50	4

(*) Martínez Núñez, María, deberá acreditar que non incumpre o artigo 4.1 do Decreto 425/93, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira para non ser excluída do procedemento.





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
TORRES	QUEIRUGA	BEATRIZ	76967244K	10,00	3	2,60	0,50	4
VARELA	GARCIA	RAFAEL	76776530T	10,00	3	2,40	0,70	4
PEREZ	LARANGA	MARIA MAGDALENA	52934545E	9,80	3	2,50	0,30	4
VIEITES	FREIRE	JOSE MANUEL	45953878Q	9,80	3	2,50	0,30	4
OPREA		CRISTINA MARIA	X8982766R	9,80	3	2,50	0,30	4
SEOANE	VIEITES	ISABEL	33279601G	9,80	3	2,50	0,30	4
DIAZ	GOMEZ	SANTIAGO	33263550F	9,75	2,75	3,80	0,30	4
FERNANDEZ	HERMIDA	GABRIEL ALEJANDRO	79335752N	9,75	2,75	3,00	0,30	4
FERNANDEZ	PEDRARES	JOSE ANTONIO	79331653F	9,75	2,75	3,50	0,00	4
GAGO	PARDILLA	RAFAEL	35305874T	9,75	2,75	3,00	0,50	4
GONZALEZ	INSUA	LUCIA	44842018E	9,75	2,75	4,20	1,50	4
LAGO	CASTRO	PASTORA	76779336T	9,75	2,75	3,58	0,30	4
MARTINEZ	PAIS	MONICA	78787371C	9,75	2,75	3,30	0,00	4
POUSO	ROMERO	FRANCISCO JAVIER	76969039E	9,75	2,75	4,18	0,30	4
TRILLO	TRILLO	PEREGRINA DOMINGA	33266437L	9,75	2,75	3,92	0,00	4
VAZQUEZ	MIGUENS	GERARDO	52938110E	9,75	2,75	3,32	0,50	4
VIÑAS	DEL RIO	FRANCISCA	53483863P	9,75	2,75	2,50	0,50	4
RIVAS	FERREIRO	ALICIA	78801653L	9,65	2,75	2,90	0,00	4
CASTELO	FIGUEIRA	AURORA	71345254J	9,55	2,75	2,50	0,30	4
FILGUEIRA	SEOANE	ANA ANTONIETA	78799644B	9,50	2,5	3,30	0,30	4
MARTIN	GUETO	EVA MARIA	53480707A	9,50	2,5	3,70	0,30	4
SENDON	RODRIGUEZ	AGATA	53488138M	9,45	2,75	2,40	0,30	4
LISTA DE RESERVA								
LOPEZ	VIÑAS	JUAN RAMON	79330569G	9,40	3	2,10	0,30	4
GOMEZ	ROMERO	RUBEN	53481367L	9,25	2,25	2,60	0,50	4
VILELA	LOJO	RITA	76779122Q	9,25	2,25	3,00	0,30	4
VILLAMARIN	CREO	ALESANDRA	39450816C	9,25	2,25	3,00	0,50	4
RODRIGUEZ	OTERO	DANIEL	33239135H	9,25	2,25	2,80	0,50	4
PITA	GARCIA	MARIA LUISA	44823015V	9,00	2	3,50	0,30	4
PITA	GARCIA	PAULA	53488651N	9,00	2	3,50	0,30	4
TABOADA	GOMEZ	MONICA	76778203V	9,00	2	3,10	0,70	4





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
LIÑAYO	ALVAREZ	MATIAS EZEQUIEL	53487234K	8,80	2	2,50	0,30	4
LESTON	RODRIGUEZ	ELISA ABEL	44843299S	8,75	1,75	3,40	0,50	4
PAULO	AMUTIMA	MARIA DA CONCEICAO	53487327E	8,75	1,75	3,00	0,00	4
POMBO	ROMERO	SILVIA	46095196E	8,75	1,75	2,90	0,30	4
REGO	MARTINEZ	SERGIO	76969825A	8,75	1,75	2,50	1,00	4
SILVA	PEREIRA	MONICA	78795002S	8,75	2,75	1,70	0,30	4
SUAREZ	PAN	ADRIAN	53796308K	8,60	2,5	1,80	0,30	4
GARCIA	BLANCO	JOSE MANUEL	76510615B	8,55	1,75	2,50	0,30	4
COSTOYA	DOSIL	JORGE	44821322A	8,50	1,5	3,10	0,50	4
FIGUEROA	LAGO	MANUELA	78795094S	8,50	1,5	3,00	0,30	4
FORNIS	FRANCO	ROBERTO	45846283S	8,50	1,5	3,50	0,70	4
MARTINEZ	PAIS	ANA MARIA	33280768K	8,50	1,5	2,80	0,30	4
ROMERO	MARTINEZ	MONICA	76776662V	8,50	1,5	3,00	0,30	4
TRIÑANES	PATIÑO	JOSE ANTONIO	76779731G	8,50	1,5	3,00	0,30	4
VAZQUEZ	LOJO	MARIA MERCEDES	76776421Y	8,30	1,5	2,50	0,30	4
ABEIJON	BARRAL	MARIA NATALIA	52938762F	8,25	2,25	1,70	0,30	4
CAAMAÑO	PEREZ	MARIA ESPERANZA	78785054A	8,25	1,25	3,00	0,30	4
FIGUEROA	LAGO	ROSA	78797497A	8,25	1,25	3,00	0,30	4
GARCIA	MARTINEZ	CONCEPCION	78791121K	8,25	1,25	2,90	0,50	4
INSUA	GONZALEZ	ISMAEL	52937405F	8,25	2,25	1,70	0,30	4
PONTE	PEREZ	BREIXO	53795879Y	8,25	1,25	2,50	0,50	4
SUAREZ	ARUFE	JOSE AVELINO	76969597M	8,25	1,25	3,10	0,30	4
LOURIDO	BLANCO	MARIA DOMINGA	78782719Z	8,10	3	0,80	0,30	4
CASTRO	SILBALDE	ADRIAN	78808404P	8,05	1,25	2,50	0,30	4
GONZALEZ	PARDAL	MARIA EUGENIA	79327011B	8,05	1,25	2,50	0,30	4
DEL RIO	SENDON	MARIA DOLORES	33247183Q	8,00	1	2,40	0,70	4
DELGADO	GARCIA	BEGOÑA	70887170C	8,00	3	0,00	1,00	4
LIBOREIRO	CAAMAÑO	MARIA VICTORIA	76968902T	8,00	1	2,50	0,50	4
NEMIÑA	PEÑA	MARIA JOSE	78809404L	8,00	3	0,00	1,00	4
NIETO	FERRADAS	PAULA	53484238S	8,00	1	3,00	0,30	4





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
PEREZ	ARES	DANIEL	53480766Q	8,00	1	2,90	0,30	4
FILGUEIRA	FAYA	JOSE RAMON	76776416R	7,98	3	0,68	0,30	4
CASTIÑEIRAS	REY	MANUELA	33265928Q	7,95	1,25	2,40	0,30	4
ALBORES	SUAREZ	DIEGO	33285507E	7,90	3	0,40	0,50	4
ALONSO	VEIRAS	RUBEN	52937664J	7,80	1	2,50	0,30	4
CASTRO	MARTINEZ	MARIA CARMEN	33256146D	7,70	3	0,40	0,30	4
FERNANDEZ	GONZALEZ	FRANCISCO JAVIER	76776614S	7,70	3	0,00	0,70	4
DOMINGUEZ	CASTELO	MARIA TERESA	52935769G	7,50	3	0,00	0,50	4
EIRAS	CASTRO	MANUELA	78785190R	7,50	3	0,00	0,50	4
GARCIA	FROJAN	MARINA	79329568S	7,50	0,5	4,70	1,30	4
HORTA	INSUA	MARIA BELEN	76970437V	7,50	3	0,00	0,50	4
EIRAS	MANEIRO	MANUELA	76778848H	7,30	3	0,00	0,30	4
FERNANDEZ	CREO	JOSE MANUEL	76969824W	7,30	3	0,00	0,30	4
FERNANDEZ	PAZOS	JERONIMO	79334954L	7,30	2	1,00	0,30	4
GOSENDE	CASTELO	MARIA GUADALUPE	33297550J	7,30	3	0,00	0,30	4
LADO	MONTES	JOSE MANUEL	78789038P	7,30	3	0,00	0,30	4
MARTINEZ	MUÑOZ	JOAQUIN MANUEL	44838642G	7,30	0,5	2,50	0,30	4
RIO	TEIRA	MARIA DOLORES	33300631N	7,30	3	0,00	0,30	4
SALGADO	MORENO	MARIA CARMEN	32776859L	7,30	3	0,00	0,30	4
SANTIAGO	CERNADAS	MIGUEL ANGEL	78793523P	7,30	3	0,00	0,30	4
SARMIENTO	GARCIA	MARIA PILAR	78785126Y	7,30	3	0,00	0,30	4
LEON	VIÑAS	MARIA DE LOS ANGELES	76966238G	7,30	3	0,00	0,30	4
BRIONES	SERVIA	MARIA RITA	52939494A	7,25	0,25	3,00	0,00	4
CARNOTA	PONCE	PAOLA MIRTA	52934507F	7,25	0,25	3,10	0,00	4
FERREIROS	CREO	DESIREE	53795750S	7,25	2,75	0,00	0,50	4
SEGADE	QUEIRUGA	NOELIA	53480660W	7,20	1	1,70	0,50	4
OUTEIRAL	MINIÑO	CARLOS MANUEL	33285370T	7,15	0,75	1,90	0,50	4
AGRA	VIDELA	JOSE RAMON	78782530D	7,00	0	2,90	0,30	4
AGRA	ROMERO	JUAN LUIS	79327843S	7,00	3	0,00	0,00	4
AGRAFOJO	FREIRE	ANTONIO	76518244G	7,00	3	0,00	0,00	4





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
AGRASO	SANTAMARIA	MARIA TERESA	76965588K	7,00	3	0,00	0,00	4
ALONSO	FIGUEIRAS	ANGEL ANTONIO	78789192R	7,00	0	3,30	0,30	4
BERDULLAS	REINO	FERNANDO	76966382X	7,00	0	4,18	0,50	4
BERMEJO	PLAZA	SERGIO	02264600C	7,00	0	3,70	0,50	4
BLANCO	ALFONSO	JOSE ANTONIO	44818250J	7,00	2,5	0,00	0,50	4
BLANCO	SILVA	MONICA	52936075B	7,00	0	3,28	0,50	4
BREA	ROMERO	JASON	78800778H	7,00	0	3,50	0,30	4
CAAMAÑO	OUTON	MARTIN	44828696V	7,00	0	2,40	0,70	4
CARREÑO	LOJO	VANESSA	52938698N	7,00	3	0,00	0,00	4
CONDE	CASTELO	MONICA	43562719Y	7,00	0	3,00	0,00	4
DOSIL	BECERRA	NURIA	53480874D	7,00	0	3,50	0,30	4
FERNANDEZ	CAMPOS	MARISA	79328425E	7,00	0	3,50	0,30	4
FERNANDEZ	GARCIA	MARIA	44819803W	7,00	0	3,00	0,30	4
FERNANDEZ	IGLESIAS	MARIA JOSEFA	33274049H	7,00	0	3,30	0,30	4
FERNANDEZ	LIRES	MARIA DEL CARMEN	33264867J	7,00	3	0,00	0,00	4
FERNANDEZ	OBELLEIRO	GUADALUPE	78793594X	7,00	0	3,00	0,50	4
FERNANDEZ	OLVEIRA	VICTOR JOSE	52939233H	7,00	0	3,40	0,00	4
HERMO	VILAS	LIDIA	78804572V	7,00	0	3,00	0,30	4
LAGO	CAAMAÑO	MANUELA VANESA	44839864F	7,00	0	2,82	0,50	4
LAGO	CAROLLO	ALBA	53486256D	7,00	0	3,30	0,50	4
MARTINEZ	ANTELO	MARIA ANGELES	76518169K	7,00	3	0,00	0,00	4
MARTINEZ	LOJO	TAMARA	79333917V	7,00	0	3,00	0,30	4
MARTINEZ	MUÑOZ	MANUEL	44838643M	7,00	0	3,90	0,30	4
MEIRA	CUESTA	JAVIER	78803836V	7,00	0	4,08	0,50	4
RAMA	RUA	ANA	44835813G	7,00	0	3,50	0,50	4
ROMANI	CAAMAÑO	JOAQUIN MANUEL	78783747F	7,00	3	0,00	0,00	4
RUIBAL	CAAMAÑO	DIEGO	78803000D	7,00	0	3,00	0,30	4
SALES	OLVEIRA	CARMEN	78781655P	7,00	3	0,00	0,00	4
SALGUEIRO	REY	MARIA BEGOÑA	78787373E	7,00	3	0,00	0,00	4
SUAREZ	TRILLO	JOSE LUIS	33289674A	7,00	3	0,00	0,00	4





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
TONETTI	FERRER	VERONICA	44844054B	7,00	0	3,50	0,50	4
VILA	FABEIRO	MARIA BELEN	53480179G	7,00	0	2,50	0,50	4
BRION	LAGO	ELIANA JOSEFA	78803714X	6,95	2,25	0,40	0,30	4
AGRA	VIDELA	CARMEN	76517438A	6,90	0	2,90	0,00	4
BOUZAS	SANDE	MARIA JOSEFA	78797634W	6,80	2,5	0,00	0,30	4
FERNANDEZ	LORENZO	ROSA MARY	33236383A	6,80	2,5	0,00	0,30	4
LEIS	CASTRO	ALBA	79331626A	6,80	0	2,50	0,30	4
MARTINEZ	FIGUEROA	ANA VANESA	78800139T	6,80	0	2,50	0,30	4
PAIS	LAGO	DOMINGO MANUEL	33275400N	6,80	0	2,50	0,30	4
BAÑA	CASTRO	ROSA MARIA	78784995J	6,75	1,75	0,00	1,00	4
PEDRARES	LEIS	JUANA	33288227M	6,55	2,25	0,00	0,30	4
DOSIL	GÜETO	CARLOS	53795490P	6,50	0	2,50	0,00	4
QUINTANS	OLVEIRA	CARMEN	53488679V	6,50	2,5	0,00	0,00	4
COCHON	CASTRO	MERCEDES	76864630X	6,35	0,25	2,10	0,00	4
MARTINEZ	BLANCO	MARIA ADORACION	78797936M	6,30	2	0,00	0,30	4
PARIS	RUIBAL	MONICA	44845517W	6,25	2,25	0,00	0,00	4
ABEIJON	NUÑEZ	MARIA DOLORES	76968696R	6,20	0	1,70	0,50	4
COSTA	LOURO	ISMAEL	78803434Y	6,20	0	1,90	0,30	4
BLANCO	CARREÑO	ALBA RITA	76967640A	6,10	0	1,60	0,50	4
FERREIRO	ABEIJON	ALEJANDRO	78806728B	6,10	0	1,80	0,30	4
CALDAS	RODRIGUEZ	ESTELA	45961634K	6,05	1,75	0,00	0,30	4
VAZQUEZ	GARCIA	MARIA DEL CARMEN	76776422F	6,00	2	0,00	0,00	4
ALVAREZ	CREO	ANA BELEN	53795405S	5,80	1,5	0,00	0,30	4
COSTA	CAROU	OSCAR	45958062Z	5,80	1,5	0,00	0,30	4
ROMERO	FERNANDEZ	OSCAR	52937444T	5,80	1,5	0,00	0,30	4
FERNANDEZ	PILLADO	MONICA	44158220Z	5,75	1,75	0,00	0,00	4
HOMBRE	GARCIA	MARIA CELIA	76776540X	5,75	1,75	0,00	0,00	4
MIGUENS	LOJO	MARIA	76970477B	5,55	1,25	0,00	0,30	4
MORALES	IGLESIAS	BEATRIZ ANA	76965288C	5,55	1,25	0,00	0,30	4
PIÑEIRO	LOJO	IVAN	53485892J	5,55	1,25	0,00	0,30	4





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
RODRIGUEZ	CAAMAÑO	MARIA DULCINA	76510032A	5,50	1,5	0,00	0,00	4
PAZOS	ROMERO	MARIA MERCEDES	79336157A	5,45	0,75	0,40	0,30	4
MARTINEZ	GUIMAREY	MIGUEL ANGEL	76967479A	5,35	0,25	0,40	0,70	4
LIÑARES	BARREIRO	ESTEFANIA	53483366V	5,25	0,75	0,00	0,50	4
LOURO	RAMOS	SINAI	46091961F	5,25	1,25	0,00	0,00	4
MARTINEZ	SUAREZ	HUGO	79335164E	5,25	1,25	0,00	0,00	4
NUÑEZ	GARCIA	PALMIRA MERCEDES	33269005B	5,25	1,25	0,00	0,00	4
SANTOS	PIMENTEL	ELLEN TUANNY	X9436768Y	5,25	1,25	0,00	0,00	4
CAAMAÑO	ARSENIC	KARINA	79328459X	5,20	0	1,20	0,00	4
SIEIRA	CAMPOS	EVA	44825367T	5,10	0,5	0,60	0,00	4
VENCE	CALVO	LAURA	53795313S	5,10	0	0,80	0,30	4
BEIRO	PEREZ	MARIA PILAR	78784879N	5,05	0,75	0,00	0,30	4
OUJO	MARTINEZ	MARIA DOLORES	78801281S	5,05	0,75	0,00	0,30	4
SANDE	PENA	AITOR MANUEL	45860315V	5,05	0,75	0,00	0,30	4
ABEIJON	FIGUEIRA	MARIA JULIA	33267744S	5,00	1	0,00	0,00	4
MORAN	RODRIGUEZ	ISABEL	53484805F	5,00	0	0,00	1,00	4
OTERO	PAZ	CRISTIAN	53488050D	5,00	2	3,00	0,30	0
RAMA	MATO	DOMINGO UXIO	53489982D	5,00	0,5	0,00	0,50	4
RONQUETE	RODRIGUEZ	VERONICA	78803503Y	5,00	0	0,00	1,00	4
ROSENDE	VAZQUEZ	MARIA CARMEN	76969302D	5,00	0,5	0,00	0,50	4
VIDAL	FREIRE	RAQUEL	53481427X	4,90	0	0,60	0,30	4
ANIDO	GARCIA	ROSA MARIA	76778850C	4,80	0,5	0,00	0,30	4
BARREIRO	GARCIA	ROSA MARIA	52455254M	4,80	0,5	0,00	0,30	4
CREO	CASTRO	BRUNO	44828077L	4,80	0,5	0,00	0,30	4
ROMAY	GARCIA	ANA ISABEL	33284032L	4,80	0,5	0,00	0,30	4
AGRASO	NOYA	ALBA	53796674L	4,75	0,75	0,00	0,00	4
CALO	PEREZ	MARIA JOSE	76517475V	4,55	0,25	0,00	0,30	4
FIGUEROA	HERMO	MANUEL	79335993T	4,50	0	0,00	0,50	4
FIGUEROA	LAGO	JOAQUINA	78783725P	4,50	1,5	3,00	0,30	0
LEMA	FREIRE	RAMON	52938382H	4,50	0	0,00	0,50	4





I.- NOIA.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
LEON	VIÑAS	MARIA VANESSA	79329549L	4,50	0	0,00	0,50	4
LLAMAS	LANZAS	FRANCISCO MANUEL	41083241C	4,50	0	0,00	0,50	4
PARGA	BLANCO	JESUS	44827513F	4,50	0,5	0,00	0,00	4
CARREÑO	BLANCO	DOLORES MARINA	44818438V	4,30	0	0,00	0,30	4
CESPON	CARNOTA	MARIA DEL SOL	33278577S	4,30	0	0,00	0,30	4
FERNANDEZ	FREIRE	ROBERTO	78801306V	4,30	0	0,00	0,30	4
FIGUEIRA	BAÑA	JOSE MANUEL	45953375L	4,30	0	0,00	0,30	4
HERMIDA	TOBIO	MARIA TERESA	79330748E	4,30	0	0,00	0,30	4
MONTES	CAAMAÑO	MARIA TERESA	76518278S	4,30	0	0,00	0,30	4
POUSO	CALO	ROMAN	53795364C	4,25	0,25	0,00	0,00	4
RONQUETE	ROMERO	SATURNINO	33277110C	4,25	0,25	0,00	0,00	4
CAAMAÑO	MOLEDO	TOMAS	76518222M	4,00	0	0,00	0,00	4
CHOUZA	SEIJO	MARCOS	44821486Y	4,00	0	0,00	0,00	4
GONZALEZ	FERNANDEZ	LETICIA	78811863V	4,00	0	0,00	0,00	4
GUETO	ROMERO	MARIA ELENA	44822817A	4,00	0	0,00	0,00	4
MOLINOS	MONTES	JUAN JOSE	33228115S	4,00	0	0,00	0,00	4
RODRIGUEZ	AGRAFOJO	JOSE MANUEL	76967051N	4,00	0	0,00	0,00	4
RODRIGUEZ	SUAREZ	JOSE MANUEL	76518200Y	4,00	0	0,00	0,00	4
SANCHEZ	GIL	MARIA JESUS	47376758R	4,00	0	0,00	0,00	4
BALTAR	PEREZ	MIRIAN	45845190A	3,50	3	0,00	0,50	0
GOMEZ	ROO	MARIA MERCEDES	33235603M	3,00	3	0,00	0,00	0
LOPEZ	PEREZ	YASMINA MARIA	53485102M	1,90	1	0,60	0,30	0
ANTELO	CUNS	NEREA	32722886G	1,75	0,75	0,00	1,00	0
PAEZ	CASTRO	JORGE LUIS	Y3197754D	1,25	1,25	0,00	0,00	0
FIGUEIRIDO	FARIÑA	ANGEL	76516450G	0,55	0,25	0,00	0,30	0
IGLESIAS	LAMELA	ENRIQUE FRANCISCO	44821191X	0,30	0	0,00	0,30	0
GONZALEZ	GONZALEZ	CONCEPCION	76513633Q	0,00	0	0,00	0,00	0
UHIA	LEIS	ADRIAN	53486199K	0,00	0	0,00	0,00	0





Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total.
- **PARO**: tempo transcorrido como desempregado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **FORMACIÓN**:

2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 15 de marzo de 2018 do xefe territorial da con-

sellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGafa, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos.

PADRÓN: Por estar empadroado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: **4 puntos**.

